



XXIII ASEMBLEA ANUAL

COMPOSTELA, 24 DE FEBREIRO DO 2007

ACTIVIDADES 2007

ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, ó longo do 2007

Proposta de acción educativa interxeracional, en colaboración co Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela, continuidade da comezada no ano 2005 e que continuou no 2006.

Neste ano 2007 preténdese incrementar significativamente o número de centros implicados, así coma a tipoloxía, complexidade e dimensións das actividades globais formuladas, que xirarán arredor de temáticas como: os maiores no cine, "o antes e o agora" xunta os nosos devanceiros, os oficios e o mundo laboral, os xogos populares e os contos na escola. As finalidades destas accións son:

- Fomentar as relacións interxeracionais como medio para a superación dos estereotipos e a consecución dunha maior integración e participación social do maior no seo da súa cidade.
- Facilitar o intercambio de experiencias entre cativos e maiores, potenciando a revalorización e enriquecemento mutuos e estimulando vías de recuperación do patrimonio cultural, histórico, lingüístico e tradicional galego.

Para o seu desenvolvemento promoverase un traballo de colaboración coas ANPA e cos equipos directivos de cada centro, así coma cos integrantes dos diversos centros socioculturais do concello e cos maiores da cidade (das asociacións veciñais, as familias, os grupos de chave, as Aulas da Terceira Idade, os clubs de xubilados...), a fin de achegar a comunidade veciñal aos procesos formativos d@s nen@s e moz@s de Compostela.

A SEMANA DAS PERSOAS EMIGRANTES: DA GALICIA EMIGRANTE Á ACOLLIDA DE INMIGRANTES.

Caldas de Reis, abril-maio de 2007

Primeira edición dedicada á República Arxentina. Co-organizadas co Concello de Caldas de Reis e a Universidade de Vigo.

Pendente de ultimar o deseño do seu programa definitivo, esta actividade pretende abordar distintos aspectos do fenómeno migratorio. Partindo dunha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa, haberá catro eixes que vertebrarán as charlas e obradoiros:

- As características máis salientables da emigración galega á Arxentina (asociacionismo, pautas de inserción sociolaboral, formas de vida...).
- A muller nos procesos migratorios contemporáneos.
- As persoas inmigrantes e retornadas na Galicia actual (principais retos de integración social, políticas sociais, programas educativos...)
- A memoria e as imaxes da emigración galega (no cinema, a literatura...)

Un amplo abano de actividades complementarias de carácter musical, exposicións, visitas guiadas e cinema completará esta ambiciosa proposta.

XXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ: A CONSTRUCCIÓN DA PAZ DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

Chaves (Portugal), 4-6 de maio do 2007

Organizado pola Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ), Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega, o Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña e o Movemento dos Educadores pola Paz de Portugal (MEP).

Seguindo o formato xa consolidado en anteriores edicións o tema de debate será **A construción da paz desde a perspectiva de xénero**. Nesta ocasión serán anfitrións os compañeiros e compañeiras de Portugal.

I XORNADA DA ORALIDADE PARA EDUCADORES/AS: O SUCEDIDO.

Casa da Cultura, Arca-O Pino (A Coruña), 7 de xullo de 2007.

Nesta primeira edición, o **Certame de Narración Oral de O Pino** estará dedicado a lembrar unha das fórmulas orais máis características da nosa tradición: o **sucedido** ou **sucedo**.

O Pino é un enclave de extraordinaria importancia dentro do Camiño de Santiago e a relación entre estas dúas tradicións, Camiño e narración oral, é algo máis que evidente. As características deste tipo de relato que, entre outras, abre a posibilidade de titular esta edición como **Sucedidos no Camiño**, fano especialmente apto para inaugurar esta traxectoria que nace con vocación de reinventarse todos os anos polas mesmas datas. Este proxecto, sen dúbida singular, tenta conseguir os seguintes obxectivos:

- Contribuír á xeración de espazos que faciliten gozar das narracións orais.
- Recuperar e recrear formas tradicionais da narración oral: o *sucedido*.
- Facilitar a reflexión teórica e práctica sobre a arte de contar historias.
- Ofrecer un espazo para o intercambio de relatos relacionadas co Camiño de Santiago.
- Favorecer a vertebración e dinamización social e cultural do concello do Pino.
- Estimular o desenvolvemento doutros eventos no concello arredor da narración oral.

As actividades previstas serán, entre outras: obradoiro de oralidade, obradoiro de ilustración, conferencias, certame de contacontos.

IV XORNADAS SOBRE MATERIAIS CURRICULARES: *EXPERIENCIAS E RECURSOS EDUCATIVOS INNOVADORES PARA O PROFESORADO.*

Santiago de Compostela, xullo do 2007

Estas Xornadas pretenden dar a coñecer aquelas experiencias e materiais didácticos elaborados por distintos colectivos de profesores e profesoras dos distintos niveis educativos, ou de educadores/as, que poden ser de interese para a comunidade educativa.

Como espazo de encontro e de intercambio de experiencias tenta ser unha oportunidade para dar a coñecer as iniciativas e recursos deseñados polos distintos grupos de **NEG** nos últimos anos, así como por outras persoas e colectivos que, desde unha perspectiva innovadora, deseñan e desenvolven alternativas didácticas de distinto alcance.

Como avance de programa que está aínda en fase de preparación indícanse algunhas das experiencias que se pretenden dar a coñecer:

- Grupo **Cambela**.
- Filosofía para nenos e nenas.
- Unha semana sen libros de texto.
- Proxecto de elaboración de materiais didácticos para a iniciación á lectoescritura para nenos e nenas con NEE.
- Presentación dos traballos que obtiveron premios nas convocatorias dos Premios **Educacompostela**.
- Recursos educativos contextualizados nos concellos.
- Grupo **Proxectoterra**.
- Grupo **Vieiros da escola**.

V XORNADAS DE CIENCIA E TERRITORIO: *A AUGA.*

Melide, xullo ou setembro do 2007

Dirixidas ao profesorado de Secundaria dos ámbitos das Ciencias Naturais e das Ciencias Sociais.

A súa finalidade é analizar, dende unha perspectiva didáctica, as posibilidades educativas que ofrece o medio natural e o patrimonio da terra de Melide, coa pretensión de resultar exemplificadoras a respecto de como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio, sexa cal sexa o punto de Galicia no que desenvolvamos o noso traballo.

Combinarase a fundamentación teórica por medio de conferencias e relatorios coa experimentación a través do traballo de campo.

Nesta edición centraranse no estudo e o aproveitamento didáctico da auga, temática que está previsto continuar en vindeiras edicións.

VII ESCOLA DE VERÁN DE NEG EN FERROLTERRA E ORTEGAL. *A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA A DEBATE.*

Fene, setembro do 2007

A finalidade desta actividade é someter a reflexión, debate e, no seu caso, achegas alternativas, o estado da normalización lingüística nos distintos niveis do ensino e noutros ámbitos tamén educativos. Máis en concreto preténdese:

- Analizar a situación actual do proceso de normalización lingüística en termos de oportunidades e ameazas para o seu desenvolvemento, á luz das novas regulamentacións (DCB, novo decreto para o ensino...)
- Coñecer as liñas da acción política do goberno galego para a normalización lingüística nos seus diversos ámbitos, nomeadamente no educativo.
- Posibilitar un espazo de encontro entre colectivos e axentes educativos no que debater liñas de acción normalizadora no ámbito da educación.
- Facilitar a presentación de experiencias e/ou recursos educativos de claro sentido normalizador.

Destinatarios/as: profesorado dos distintos niveis educativos e outros profesionais da educación, así como membros das comunidades educativas en xeral.

II ENCONTRO DE DEBATE: O MEDIO RURAL GALEGO. A *NECESIDADE DUNHA RESPOSTA EDUCATIVA.*

Chantada (Lugo), outubro do 2007.

Nesta segunda edición preténdense abordar algunhas temáticas que non foron analizadas na primeira convocatoria, como é a cuestión da formación do profesorado ou a presentación para o debate de proxectos de escola rural desenvolvidos noutros lugares.

En liña coas conclusións aprobadas no **I Encontro de Debate**, revisarase a actualidade das accións do goberno galego sobre o medio rural, serán presentadas as propostas e accións dos colectivos e organizacións comprometidos coa defensa da educación no rural, e dedicarase un espazo para a presentación de experiencias educativas e/ou estudos e investigacións sobre distintos aspectos relacionados coa educación no medio rural.

Destinatarios/as: profesorado dos distintos niveis educativos e outros profesionais da educación, así como outros membros das comunidades educativas.

ENCONTRO SOBRE A EDUCACIÓN NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Facultade de C. de Educación, Santiago, Novembro do 2007

Dada a incidencia que ten na opinión pública a perspectiva mediática, as finalidades desta actividade centráanse en:

- Posibilitar un encontro entre educadores/as e profesionais do periodismo para analizar o tratamento de certas temáticas educativas nos medios de comunicación.
- Achegarlles aos profesionais do periodismo determinadas claves desde as que resulta factible abordar temas educativos de gran trascendencia social indo máis alá dos tópicos ou dun tratamento simplificador das realidades analizadas.
- Colaborar na optimización do potencial educativo dos medios de comunicación e facer deles un instrumento "aliado" da escola fronte a determinados temas que deben ser obxecto prioritario de reflexión e compromiso da cidadanía.

As temáticas a abordar por parte de recoñecidos especialistas en educación e xornalismo serán aquelas que, por distintos motivos, focalizan a atención dos medios e, á súa vez, requiren un maior compromiso dos distintos axentes sociais.

Destinatarios/as: profesionais dos medios de comunicación e educadores/as, membros das comunidades educativas en xeral.

XORNADAS SOBRE A EDUCACIÓN SECUNDARIA A DEBATE

Facultade de C. de Educación, Santiago, Novembro do 2007

A finalidade destas xornadas é someter a debate os principais problemas que afectan ao ensino secundario, tentando ofrecer reflexións alternativas sobre os mesmos.

Preténdese con esta actividade promover un espazo de encontro para que tanto os profesionais da educación como outros membros da comunidade educativa poidan reflexionar e debater sobre a problemática específica que afecta na actualidade a esta etapa educativa, tendo en conta as últimas regulamentacións.

Destinatarios/as: profesorado dos distintos niveis educativos e outros profesionais da educación, así como outros membros da comunidade educativa.

EXPOSICIÓN DE *RECURSOS E ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE O APROVEITAMENTO EDUCATIVO DOS MUSEOS.*

Novembro do 2007. Itinerante por diversos Museos (pendente de deseño final)

Esta actividade dálle continuidade á realizada no mes de novembro do 2006 no Museo do Pobo Galego baixo o título ***Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia.***

Preténdese poñer de relevo o potencial pedagóxico dos museos, achegando a súa realidade educativa a un maior número de destinatarios/as.

Para iso darase a coñecer, a través dunha exposición, os programas educativos que desenvolven diversos museos (incluímos neste termo tamén as coleccións visitables), dirixidos a diferentes públicos. Con ese fin exhibirase a través de paneis explicativos (combinando imaxes, texto, gráficos...) e sobre outros soportes, como monitores onde se proxecten vídeos, unha mostra da oferta educativa que levan a cabo os museos participantes, acompañados polos materiais educativos nos que se apoian as diversas actividades didácticas, así como aqueles materiais que xorden como consecuencia da participación dunha ampla tipoloxía de públicos.

Esta actividade, que terá carácter itinerante, está pendente de planificar a secuencia das datas en que cada Museo se faga cargo da mesma. Complementarase cunha programación de visitas guiadas, actividade dirixida aos centros educativos e adaptada aos diferentes niveis de ensino, para dar a coñecer a exposición a docentes e alumnado.

Destinatarios/as: docentes dos distintos niveis educativos, profesionais dos museos, estudantes de ciencias da educación e de museoloxía, familias, estudantes dos distintos niveis educativos...

OUTRAS ACTIVIDADES:

Como continuidade da liña de traballo que temos en relación aos maiores formaremos parte activa como organización colaboradora nas seguintes actividades:

- **III XORNADAS INTERXERACIONAIS NO RURAL (XERMADE-LUGO).**
- **I ENCONTRO GALEGO SOBRE O ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (LUGO, MES DE MAIO)**